

EXPEDIENTE: 2023/E001/000001

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, NO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ORIENTADORES/AS LABORAIS PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO

TRÁMITE: ACTA 1

En Dodro, sendo as 9:00 horas do día 26/04/2023, reúnese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a selección mediante concurso-oposición, de 1 orientador/a laboral para programas integrados de emprego, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local Extraordinaria do día 6 de febreiro de 2023 e a corrección das mesmas aprobada por Resolución da Alcaldía 60/2023 do día 15 de febreiro de 2023.

O anuncio das bases corrixidas da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o venres 24 de febreiro de 2023 (BOP núm. 38) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidenta:

Titular: Rosario Rios Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria- interventora do Concello de Dodro

Vogais:

1- Titular: Vanessa Reboredo Fraga, técnica de administración xeral do Concello de Rianxo.

2- Titular: María Ángeles García Villaverde, secretaria-interventora do Concello de Pontecesures.

3- Titular: José Marcelino Rivera Rarís, técnico de xestión económica do Concello de Padrón.

A presidenta declara constituído o Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador procede a elaborar que consiste nun caso práctico sobre o que se formulan 30 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, das que solo unha delas é correcta. (Acompañase cadro de respostas)

Sendo ás 11:05 horas o Tribunal Cualificador procede, no Salón de Plenos do Concello de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes admitidas ao proceso de selección:

APELIDOS E NOME	DNI
Becerra Camiña Ana Isabel	***178***
Cabo Gómez Cristina	***666***
Campaña Abuín Victor Manuel	***574***
Ces Comojo Noela	***032***

Díaz Miras María del Carmen	***071***
Otero Pérez Susana	***373***

Non se presenta ao exame dona Susana Otero Pérez.

Repártense as copias dos exames e danse as instrucións para a súa realización.

A proba comeza ás 11:15 horas e transcorre sen ningunha incidencia.

Rematada a proba, comeza a corrección do exercicio, empezando co cotexo co cadro de respostas. Finalizada a corrección dos exames procédese á apertura dos sobres que conteñen a identificación das persoas aspirantes. O resultado é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Resultado 1º exercicio
Becerra Camiña Ana Isabel	***178***	48 puntos
Cabo Gómez Cristina	***666***	48 puntos
Campaña Abuín Victor Manuel	***574***	54 puntos
Ces Comojo Noela	***032***	50 puntos
Díaz Miras María del Carmen	***071***	46 puntos

Segundo a base novena, das que rexen este proceso selectivo é preciso acadar un mínimo de 30 puntos para superar este exercicio, polo que superaran este exercicio as persoas que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 30 puntos.

Non é preciso realizar o segundo exercicio da fase de oposición, xa que todas as persoas aspirantes acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente.

Á vista de todo o anteriormente exposto, o Tribunal Cualificador, sendo as 12:00 h por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Primeiro.- Que se publique o cadro de respostas, así como a puntuación obtida na fase de oposición polas persoas aspirantes no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de orientadores/as laborais para programas integrados de emprego do Concello de Dodro, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. Concédese un prazo de 3 días naturais para a presentación de alegacións.

Sendo ás 12:10 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan dixitalmente todos os membros do Tribunal, do que dou fe.

A presidenta, Rosario Rios Rey
A vogal, Vanessa Reboredo Fraga
A vogal, María Ángeles García Villaverde
O vogal, José Marcelino Rivera Rarís
A secretaria, Sandra María García Chenlo

CADRO DE RESPOSTAS CORRECTAS

1	a
2	a
3	c
4	c
5	b
6	b
7	c
8	c
9	a
10	b
11	a
12	b
13	a
14	c
15	c
16	c
17	a
18	a
19	b
20	b
21	b
22	a
23	c
24	a
25	a
26	c
27	a
28	c
29	c
30	c